

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de febreiro de 2010

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dous de febreiro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(47).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 14 de decembro, extraordinarias e urxentes do 17 de decembro e extraordinaria e urxente do 18 de decembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(48).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 49609/301.

Mediante providencia de data 19.01.10, en cumprimento coa base 31ª das de execucion do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Benestar Social, dá conta á Xunta de Goberno local dos expediente de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante o mes de decembro de 2009, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130 / decembro de 2009

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
21/12/09	OBRAS REFORMA CENTRO ATENCIÓN Á INFANCIA	6320000	200900079464	29.949,38	PLYGEPE, S.L.
21/12/09	OBRAS LOCAL R/ ELDUAYEN	6320000	200900079705	6.533,12	MARS MANTENIMIENTO E SERVICIOS
21/12/09	MOBILIARIO UBAS	6250000	200900079544	6.298,00	TECAN OFICINAS, S.A.
21/12/09	MOBILIARIO PROGR. SEREOS	6250000	200900079548	2.508,13	EKIPO SDAD. COOP. LTDA.
21/12/09	MOBILIARIO COCIÑA PROGR. SEREOS	6250000	200900079551	6.193,40	VAO COCIÑAS, S.L.
22/12/09	ACTUACIÓN NA FESTA DO SAF	2260801	200900079958	1.600,00	NA VIRADA
22/12/09	CAMPAÑA DISPACITADOS	2270600	200900080090	19.998,84	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
22/12/09	GASTOS DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2270609	200900079924	454,00	COGAMI
23/12/09	CAMPAÑA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	2270600	200900080137	19.993,29	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
28/12/09	CAMPAÑA INCLUSIÓN	2260200	200900081101	17.997,63	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
28/12/09	OBRADOIROS FORMACIÓN E DINAMIZACIÓN	2270600	200900081505	18.000,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN, S.L.
28/12/09	ADAPTACIÓN MÓDULOS GRESS	2270600	200900081487	12.000,00	AFI
28/12/09	MANTENEMENTO EXTINTORES	2270619	200900081083	174,87	MARINEX, S.L.
28/12/09	DISPOSITIVO EMERXENCIA TEMPORAL PARA DURMIR	2270609	20090081525	8.400,00	HIERVAS ARJONA SERVICIOS, S.L.
30/12/09	CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN COOPERACIÓN SERVIZOS BENESTAR SOCIAL	2260200	200900082864	15.994,20	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
28/12/09	ACTO CLAUSURA PROGR. AVELLAMENTAMENTO ACTIVO	2260801	200900081484	2.100,00	ASOC. VECIÑAL E CUL. DE VALLADARES
28/12/09	ACTO CLAUSURA PROGR. AVELLAMENTAMENTO ACTIVO	2260801	200900081485	250,01	FLORES E PLANTAS VALLE FRAGOSO
03/12/09	OBRAS MANTEMENTO UBAS	2120000	200900074751	11.913,85	CONSTRUCCIONES SITO Y FDZ.
04/12/09	OBRAS MANTEMENTO UBAS	2120000	200900074756	3.118,00	CONSTRUCCIONES SITO Y FDZ

09/12/09	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	200900075535	1.000,00	VARIOS
04/12/09	PROGRAMA PREVENCIÓN ESCOLAR	2270608	200900074077	16.200,00	ALBORADA
04/12/09	XORNADAS PLDA	2270608	200900075584	15.000,00	VARIOS
16/12/09	DESEÑO E IMPRESIÓN MATERIAL PREVENCIÓN	2270608	200900077133	13.688,00	VARIOS
03/12/09	PROGR. ACCESO, PROMOCIÓN AO EMPREGO	2270617	200900074050	16.180,00	EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL
09/12/09	PROGR. EN GALEGO TAMÉN NOUTROS MUNDOS	2270617	200900075541	2.211,80	VARIOS
13712709	PLENO INFANTIL	2270618	200900074048 200900074049	1.539,20	VARIOS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(49).- PRESTACIÓN SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 12/1643, 1955/14, 2347/14, 2562/12, 441/21, 826/23, 04/2730, 2412/14, 21/1221, 14/185. DENEGACIÓN 292/12.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- D. José Antonio Navarro Novelle. Expte. 1643/12.
- D^a. Bibiana M^a. García Álvarez. Expte. 1955/14.
- D^a. Dolores Rial Martínez. Expte. 2347/14.
- D^a. Carmen Andrade Álvarez. Expte. 2562/12.
- D^a. Floreana Loureiro Méndez. Expte. 441/21.
- D^a. Eugenia Caeiro Rodríguez. Expte. 826/23.
- D^a. Isabel Fernández Gil. Expte. 4/2730.
- D^a. Elvira López Viso. Expte. 2412/14.
- D^a. María Canabal Souto. Expte. 185/14.
- D. José González Rios. Expte. 1221/21.

2º.- Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Marina Rey Noguerol. Expte. 292/12.

4(50).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2376/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 11.01.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa FORMATO VERDE, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo (expediente 2376-252) por un prezo total de 53.328,80 IVE incluído) sobre o que a empresa oferta unha redución porcentual dos catro prezos unitarios dun 5,00%, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa os medios humanos á disposición do contrato respecto do requirido no prego de cláusulas administrativas particulares e aporta unha oficina técnica. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
 - 1 enxeñeiro superior.
 - 1 responsable de calidade e medio ambiente.
 - 2 oficiais técnicos.
 - 1 axudante.
 - 4 técnicos en deseño.

- Aporta como melloras ó contrato as seguintes:
 - A implantación de cinco bombas de achique.
 - A unificación dos mandos a distancia.
 - A inspección visual semanal de todos os equipos.
 - O pintado dos buzóns sen custe.
 - O deseño en exclusiva para a Cidade de Vigo dun buzón segundo os criterios que os servizos técnicos municipais determinen.
 - Por ser a empresa instaladora da maioría dos equipos a manter, garante un stock suficiente de pezas de reposto cuns tempos de reparación mínimos.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 01-06-2009 e a oferta presentada.

5(51).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de intervención xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) PEYCAR PONTEVEDRA S.L. EXPTE. 3041/241.

Devolver a Peycar Pontevedra S.L. a fianza de 2.439,19 € constituída para responder do subministro de vestiario para o persoal municipal xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) ORECO S.A. EXPTE. 2842/241, 2848/241, 2881/241, 3131/241, 3134/241.

Devolver a Oresco as seguintes fianzas xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- Fianza por importe de 15.279,25 € constituída para responder das obras na antiga subestación de FENOSA para centro sociocultural. Expte. 2842/241.
- Fianza por importe de 19.935,20 constituída para responder das obras na antiga Casa Rectoral para Centro de Servizos Comunitarios. Expte. 2848/241.
- Fianza por importe de 10.004,15 € constituída para responder das obras na antiga Casa Rectoral para Centro de Servizos Comunitarios. Expte. 2881/241.
- Fianza por importe de 2.388,24 € constituída para responder da construción de vestiarios no campo de Candeán. Expte. 3131/241.
- Fianza por importe de 2.400 € constituída para responder da reposición de cuberta no Museo Quiñones de León. Expte. 3134/241.

6(52).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2010. EXPTE. 4266/224.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 11 de xaneiro de 2010 emitido pola xefa do Servizo de Igualdade coa conformidade da concelleira delegada, vistos os informes da Asesoría Xurídica e máis da Intervención Xeral de datas 12 e 21 de xaneiro, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 15.000,00 euros (quinze mil euros) con cargo á partida 463.2.480.00.00 do orzamento prorrogado para o exercicio 2010, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero, facultando á Concelleira delegada de Igualdade para a concesión das concretas axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero.

2º.- Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 15.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia M^a Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

3º.- Aprobar o marco de actuación do proxecto de subvencións directas de axudas económicas de apoio para ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

7(53).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE OS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 5409/307.

Mediante escrito de data 21.01.10, o delegado de Patrimonio Histórico dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados polo departamento durante os meses de novembro a decembro do ano 2009, que son os seguintes:

NºExp	Serv	Asunto	0,00 €	Adxudicatario
5267	307	Contrato menor mantemento dos equipamentos de patrimonio histórico	20.580,72 €	HIDROESTRUCTURAS S.L.
5295	307	Contratación deseño plan dinamización Museo municipal Quiñones de León e espazos asociados	17.000,00 €	Pedro Antonio Cordón Casais
5301	307	Contrato menor monitoraxe cestería programa formativo Casa do cesteiro	2.751,58 €	Van divulgación cultural S.L.
5306	307	Contrato menor segunda valoración inmobles asociados ao museo Quiñones de León	2.235,22 €	Tecnitasa S.A.
5337	307	Contrato menor levantamento topográfico rúa Chao	754,00 €	Inagal Enxeñería SLU
5291	307	Contrato menor subministración axendas fotográficas 2010	939,60 €	Desoños SL
5311	307	Contrato menor subministración material feira produtos tradicionais do CAT	13.456,00 €	Van divulgación cultural SL

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(54).- PROPOSTA PARA FACULTAR AO TENENTE DE ALCALDE A SINATURA PARA A ADQUISICIÓN DOS INMOBLES SITUADOS NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ Nº 14 E 16, E O INMOBLE SITO NA RÚA PERIGOS Nº 7. EXPTE. 5411/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 25.01.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Na sesión ordinaria do 21 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local adoptou os seguintes acordos:

- ADQUISICIÓN INMOBLE EN RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ NÚM. 14 (FINCA E RUÍNA) PARA APERTURA DE NOVO VIAL (PEPRI CASCO VELLO). EXPTE. 4934/307.*
- ADQUISICIÓN DE INMOBLE NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ, 16 E CASETA Á SÚAS COSTAS EN SUBIDA A COSTA NÚM. 7 PARA APERTURA DE NOVO VIAL (PEPRI CASCO VELLO). EXPTE. 4950/307.*
- ADQUISICIÓN DE INMOBLE SINALADO CO NÚM. 7 DA RÚA PERIGOS PARA A APERTURA DUN NOVO VIAL E ESPAZO PEONIL ENTRE AS RÚAS ELDUAYEN E POBOADORES. (PEPRI CASCO VELLO). EXPTE. 5084/307.*

Deste xeito, para poder executar os referidos acordos mediante a formalización dos contratos de compravenda en escritura pública e inscribirse no rexistro da propiedade, débese facultar ao Tenente Alcalde para proceder á sinatura da documentación necesaria.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

- PRIMEIRO: Facultar ao Tenente de Alcalde, d. Santiago Domínguez Olveira, para a sinatura da documentación necesaria para a adquisición dos inmobles situados na rúa Abeleira Menéndez números 14 e 16, así como o inmovble situado na rúa Perigos, nº 7.*
- SEGUNDO: Elevar a escritura pública e inscribir no Rexistro da Propiedade os dous contratos de compravenda, e tramitar a súa inscrición no Inventario Municipal de Bens.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba precedente proposta.

9(55).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL 21.12.09 SOBRE ADQUISICIÓN DE INMOBLE NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ 14- CASCO VELLO (FINCA E RUÍNA). EXPTE. 4934/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.01.10, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 25.01.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/12/2009, se aproba a adquisición polo Concello de Vigo dun inmovble situado na rúas Abeleira Menéndez 14, tramitada a través do expediente nº 4934-307.

Unha vez iniciados os trámites para elevar a escritura pública a citada operación, seguindo as directrices do informe emitido pola Asesoría Xurídica do Concello, detéctase a comisión dun erro na redacción da proposta do servico de Patrimonio Histórico sometida a aprobación da Xunta de Goberno Local, e, polo tanto, no conseguente acordo adoptado por este órgano municipal en base a aquela, de xeito que, no apartado SEGUNDO do mesmo, se propón adquirila polo importe sinalado “IVE INCLUIDO”, cando en realidade, quíxose dicir IMPOSTOS INCLUIDOS, xa que, en ningún caso xérase o IVE.

Polo tanto, este servico de Patrimonio Histórico propón á Xunta de Goberno Local, previo informe favorable do servico municipal de Intervención, o seguinte:

1.- Corríxi-lo erro recollido no apartado SEGUNDO do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/12/09, polo que se aproba a adquisición polo Concello de Vigo dun inmovble situado na rúa Abeleira Menéndez 14, tramitada a través do expediente nº 4934-307, e substituir a expresión “IVE incluído” por “Impostos incluídos”.

2.- Aprobar a nova redacción do apartado segundo do acordo, quedando redactado do seguinte xeito:

Expte. Nº 4934-307 (ADQUISICIÓN INMOBLE EN ABELEIRA MENÉNDEZ 14):

“SEGUNDO.- Aprobar o importe a pagar á propiedade, que ascende á cantidade de 66.000 euros, Impostos incluídos, e que segundo se desprende do informe de valoración realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 07/05/2009, incorporada a este expediente, atópase dentro dos prezos de mercado.”.

3.- Dar conta do presente acordo aos servizos municipais que sexa oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(56).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL 21.12.09 SOBRE ADQUISICIÓN DE INMOBLE NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ 16-CASCO VELLO . EXPTE. 4950/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.01.10,dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 27.01.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/12/2009, se aproba a adquisición polo Concello de Vigo dun inmovible situado na rúas Abeleira Menéndez 16, tramitada a través do expediente nº 4950-307.

*Unha vez iniciados os trámites para elevar a escritura pública a citada operación, seguindo as directrices do informe emitido pola Asesoría Xurídica do Concello, detéctase a comisión dun erro na redacción da proposta do servizo de Patrimonio Histórico sometida a aprobación da Xunta de Goberno Local, e, polo tanto, no conseguente acordo adoptado por este órgano municipal en base a aquela, de xeito que, no apartado SEGUNDO do mesmo, se propón adquirila polo importe sinalado “IVE INCLUIDO”, cando en realidade, quíxose dicir **IMPOSTOS INCLUIDOS**, xa que, en ningún caso xérase o IVE.*

Polo tanto, este servizo de Patrimonio Histórico propón á Xunta de Goberno Local, previo informe favorable do servizo municipal de Intervención, o seguinte:

1.- *Corrixi-lo erro recollido no apartado SEGUNDO do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/12/09, polo que se aproba a adquisición polo Concello de Vigo dun inmovible situado na rúa Abeleira Menéndez 16, tramitada a través do expediente nº 4950-307, e substituír a expresión “IVE incluído” por “Impostos incluídos”.*

2.- *Aprobar a nova redacción do apartado segundo do acordo, quedando redactado do seguinte xeito:*

Expte. Nº 4950-307 (ADQUISICIÓN INMOBLE EN ABELEIRA MENÉNDEZ 16):

“SEGUNDO.- Aprobar o importe a pagar á propiedade, que ascende á cantidade de 120.000 euros, Impostos incluídos, e que segundo se desprende do informe de valoración realizado polos técnicos

da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 21/09/2009, incorporada a este expediente, atópase dentro dos prezos de mercado.”

3.- Dar conta do presente acordo aos servicios municipais que sexa oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(57).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL 21.12.09 SOBRE ADQUISICIÓN DE INMOBLE NA RÚA PERIGOS 7- CASCO VELLO . EXPTE. 5084/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.01.10,dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 25.01.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/12/2009, se aproba a adquisición polo Concello de Vigo dun inmovible situado na rúa Perigos 7, tramitada a través do expediente nº 5084-307.

Unha vez iniciados os trámites para elevar a escritura pública a citada operación, seguindo as directrices do informe emitido pola Asesoría Xurídica do Concello, detéctase a comisión dun erro na redacción da proposta do servizo de Patrimonio Histórico sometida a aprobación da Xunta de Goberno Local, e, polo tanto, no conseguente acordo adoptado por este órgano municipal en base a aquela, de xeito que, no apartado SEGUNDO do mesmo, se propón adquirila polo importe sinalado “IVE INCLUIDO”, cando en realidade, quíxose dicir IMPOSTOS INCLUIDOS, xa que, en ningún caso xérase o IVE.

Polo tanto, este servizo de Patrimonio Histórico propón á Xunta de Goberno Local, previo informe favorable do servizo municipal de Intervención, o seguinte:

1.- Corrixi-lo erro recollido no apartado SEGUNDO do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/12/09, polo que se aproba a adquisición polo Concello de Vigo dun inmovible situado na rúa Perigos 7, tramitada a través do expediente nº 5084-307, e substituir a expresión “IVE incluído” por “Impostos incluídos”.

2.- Aprobar a nova redacción do apartado segundo do acordo, quedando redactado do seguinte xeito:

Expte. Nº 5084-307 (ADQUISICIÓN INMOBLE EN PERIGOS 7):

“SEGUNDO.- Aprobar o importe a pagar á propiedade, que ascende á cantidade de 70.000 euros, Impostos incluídos, e que segundo se desprende do informe de valoración realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29/10/2009, incorporada a este expediente, atópase dentro dos prezos de mercado.”

3.- Dar conta do presente acordo aos servicios municipais que sexa oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(58).- DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS NOUTRA ADMINISTRACIÓN DO FUNCIONARIO D. MIGUEL SEOANE ÁLVAREZ. EXPTE. 19627/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 25 de xaneiro de 2010, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar ao funcionario D. Miguel Seoane Álvarez, con nº de persoal 76.519, bombeiro adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) na situación administrativa de servizos noutra Administración Pública, con efectos da data de adopción do presente acordo, ao abeiro do establecido no artigo 88 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en virtude da petición formulada polo mesmo en escrito de data 29/12/2009 (documento nº 90187701).

SEGUNDO.- Dispoñer que pola Tesourería Municipal se proceda á iniciación do correspondente expediente de reintegro dos haberes que puidesen ter sido percibidos por D. Miguel Seoane Álvarez durante a tramitación da solicitude, se procedese.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiros-delegados e xefes/as das Áreas e Servizos afectados, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos e Planificación e Organización aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

13(59).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DE PRESTAR SERVIZOS DE GRAN GALA. EXPTE. 19615/220.

Con data 20 de xaneiro, a técnica de Planificación e Organización de RRHH, coa conformidade da xefa do Servizo e máis do concelleiro delegado, emite o seguinte informe-proposta:

“A Policía Local remite a esta Unidade de Persoal con data 18 de decembro de 2009 e 4 de xaneiro de 2010, oficios relacionando aos funcionarios que con motivo da visita do Sr. Ministro, don Manuel Chaves, Día da Constitución, Homenaxe aos Policías Locais con 25 anos no servizo, visita do Sr. Ministro de Fomento, don José Blanco e Cabalgata de Reis, prestaron servizos de Gran gala.

Considerando que a instrución cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos para o ano 2009, establece que se aboará con cargo a gratificacións, ao persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:

- Actos de máis de 4 horas de duración: 118,22 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,04 €.

Os funcionarios relacionados nos informes adxuntos son:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
77023	González Fernández, Pablo José	118'22 €
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	118'22 €
23060	Casas Aldereguia, José M ^a	118'22 €
21025	González García, Katia M ^a	118'22 €
76476	Vicente Ferreira, José Ignacio	236'44 €
79383	Calvar Rios, Moises	118'22 €
21462	Garrido Domínguez, Angeles	118'22 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	118'22 €
78283	Suárez Piñeiro, Davie	118'22 €
23136	Pena González, Dámaso	118'22 €
78130	Sierra Castelo, José Manuel	118'22 €
78744	Alvarez Garcías, Javier	118'22 €
78758	Lemos Martínez, Jesús	118'22 €
78762	Mallo Estévez, José Carlos	118'22 €
79107	Alonso Couñago, César	118'22 €
79110	González Vázquez, Jorge	118'22 €
79111	Prado Simón, Guillermo José	118'22 €
79117	Rodríguez Villar, Oscar	118'22 €
	IMPORTE TOTAL.....	2.249'60 €

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e ao previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da visita do Sr. Ministro, don Manuel Chaves, Día da Constitución, Homenaxe aos Policías Locais con 25 anos no servizo, visita do Sr. Ministro de Fomento, don José Blanco e Cabalgata de Reis, os días 2, 3, 4, 21 de decembro 2009 e 5 de xaneiro de 2010 respectivamente, aboar ao persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don José Pablo González Fernández e remata por don Oscar Rodríguez Villar por unha cantidade total de 2.249'60 €".

Con data 22 de xaneiro a Intervención Xeral emite o preceptivo informe.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta da técnica de Planificación e Organización de RRHH que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14(60).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS QUE TRABALLARON OS DÍAS 24, 25, 31 DE DECEMBRO DO 2009 E 1 DE XANEIRO DO 2010. EXPTE. 19617/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de Planificación e Organización de Recursos Humanos de data 20 de xaneiro de 2010, coa conformidade da xefa do servizo, visto o informe da Intervención Xeral de data 22 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer e aboar ó persoal que figura nas relacións que a continuación se indican as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 29.357'25 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2008 e 1 de xaneiro de 2009.

SERVIZO	RELACIONES	IMPORTE
CEMITERIOS	De Jesús Álvarez Lago a Delmiro Vilanova Acuña	2.078'40 €
BOMBEIROS	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	6.235'20 €
MONTES, PARQUES XARDÍNS	De Luis González Martínez a Joaquín Domínguez Casales	779'40 €
POLICÍA LOCAL	De Francisco José Airabella Marra a Fernando Villa Agulla	19.355'10 €
PARQUE CENTRAL	De Emilio Aira Pereiro a Alfonso Rodríguez	909'15 €

15(61).- PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE DISTINTOS SERVIZOS POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO SEN SER OFICIAIS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2010. EXPTE. 19618/220.

Con data 20 de xaneiro de 2010 a técnica de Planificación e Organización do Servizo de Recursos Humanos, coa conformidade da xefa do Servizo emite o seguinte informe-proposta:

A instrución terceira, apartado g) de data 16 de xaneiro de 2009 sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que se aboará con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da condución dun vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, por un importe de 3'37 € por día.

Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Recíbense na Unidade de Persoal , debidamente asinado polos xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, os informes dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Sanidade, Parque Móbil, Cultura, Desinfección, Omic, Protección Civil, Circulación Viaria e Educación, segundo a relación seguinte:

Servizo	Relacións	TOTAL
Montes, Parques e Xardíns	De Bastos Villar, Purificación a Troncoso Campos, Adolfo	1.280'06 €
Servizo Extinción Incendios	De García González, J. Manuel a Palmas Calvar, Mª Luz	299'93 €
Servizo Electromecánicos	De Davila Pérez, Juan a Posada Oitabén, Angel	390'92 €
Parque Central	De Alonso Alonso, Miguel Angel	77'51 €
Sanidade	De Barreira Pazos, Antonio	50'55 €
Parque Móbil	De Davila Vieitez, Francisco a Amoedo Moreira, José Luis	117'95 €
Cultura	Vázquez Martínez, Ramón	131'43 €
Desinfección	De Sousa Atrio, J. Manuel a Durán Cabobianco, Higinio	320'15 €
OMIC	De Alvarez Alonso, Manuel a Lago Giráldez, Luciano	347'00 €
Protección Civil	De Sande Vázquez, José Antonio	192'09 €
Circulación Viaria	De Juan Jesús García Alfonso	84'25 €
Educación	De Gabriel García Alvarez	165'13 €
		3,456'97 €

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Sanidade, Parque Móbil, Cultura, Desinfección, OMIC e Protección Civil aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figuran na relación que se achega, por un importe total de 3,456'97 € correspondentes ó 4º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

Con data 22 de xaneiro a Intervención Xeral emite o preceptivo informe.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o informe-proposta da técnica de Planificación e Organización de RRHH que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16(62).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19607/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 18 de xaneiro de 2010 da técnica de Avaliación e Formación conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 126.267'62€, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

SERVIZO	MES	APELIDOS E NOME	IMP. NOC-TURNAS	IMP. FESTIVAS	IMP. TOTAL
Desinfección	Decembro	De Durán Cabobianco, Higinio a Sousa Atrio, José M	96,24	86,72	182,96
IMD	Decembro	De Rial Estévez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio	87,22	0,00	87,22
1ª Tenencia Alcaldía	Decembro	De Pérez Costas, José L. a Vázquez Martínez, Manuel A.	184,46	51,49	235,95
Alcaldía condutores	Decembro	De Costas Fernández, Basilio a Fongán Balbuena, Camilo	625,56	132,79	758,35
Alcaldía	Decembro	De Abalde Comesaña, Raquel	192,48	0,00	192,48

Bombeiros	Decembro	De Abreu Torres, Francisco J. A Villaverde Veleiro, José B.	35.969,70	17.596,03	53.565,73
Cemiterios	Decembro	De Alfonso Sanmartín, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	3.256,12	0,00	3.256,12
Limpeza	Decembro	De Hermida Sanmartín, Juan J.	184,46	195,12	379,58
Parque Central	Decembro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Souto, José A.	1.363,40	756,09	2.119,49
Montes, Parques e Xardíns	Decembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José L.	1.972,92	756,09	2.729,01
Conserxería	Decembro	De Vaquero Herbello, M ^a Teresa	16,04	0,00	16,04
Parque Móbil	Decembro	De Comesaña Davila, José A.	1.131,82	783,87	1.915,69
Policía Local	Decembro	De Abalde Casanova, Ivan a Vivero Mijares, Juan G.	27.364,39	25.192,78	52.557,17
Policía Local (xornada en exceso)	Decembro	De Abalde Casanova, Ivan a Villar Fernández, José M.	4.189,51	272,43	4.461,94
Policía Local (xulgados)	Decembro	De Alonso Caride, Constante a Vivero Mijares, Juan G.	2.662,64	0,00	2.662,64
Biblioteca	Decembro	De Ormíguez Pérez, Susana a Prieto Rodríguez, Pilar	128,32	0,00	128,32
Electromecánicos	Decembro	Arias Rodríguez, Dámaso	68,17	398,37	466,54
Museo	Decembro	De Ogando López, José M. A González Bello, Andrés	552,39	0,00	552,39
	TOTAL		80.045,84	46.221,78	126.267,62

17(63).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19608/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 18 de xaneiro de 2010 da técnica de Avaliación e Formación conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega e que comeza por Amoedo García, Antonio e remata por Prieto Domínguez, Florentino e que ascenden a un total de 217'20 € , correspondente ao mes de decembro de 2009 con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

18(64).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19609/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 18 de xaneiro de 2010 da técnica de Avaliación e Formación conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de decembro de 2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

19(65).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19610/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 18 de xaneiro de 2010 da técnica de Avaliación e Formación conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de decembro-09, e que ascenden a un total de 1.121'67 € (MIL CENTO VINTEÚN EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

20(66).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19611/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 18 de xaneiro de 2010 da técnica de Avaliación e Formación conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade se aboarán ao persoal adscrito ao Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por don Higinio Durán Cabobianco, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de decembro de 2009 e que ascenden a un total 609'20 € (SEISCENTOS NOVE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

21(67).- PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19613/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 18 de xaneiro de 2010 da técnica de Avaliación e Formación conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 4º TRIMESTRE-2009, se aboaran ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don J. Manuel Villaverde Villaverde, e que ascenden a un total de 1.976'91€ (MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMO) con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00.

22(68).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE PRÓRROGA ENCOMENDA DE FUNCÍONS DE Dª MARÍA LUZ GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ. EXPTE. 19625/220.

Con data 4 de xaneiro de 2010, o concelleiro delegado de Xestión Municipal ditou a seguinte resolución:

“Con data 14 de decembro de 2009, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural solicita que se manteña a acumulación das funcións do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Animación Sociocultural” na funcionaria adscrita a dito servizo, con posto de

Técnica de Actividades Turísticas, D^a Luz María González Domínguez, con nº de persoal 23290, realizada mediante resolución de data 13 de outubro de 2009 e da que se deu conta á Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23 de outubro, xa que o responsable do Servizo, D. Jose Ángel Hermida Fernández atopase de baixa por IT, dende o pasado mes de agosto de 2009 .

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento do Servizo, a xestión do mesmo en canto á tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento dos programas e actividades socioculturais previstas e a xestión do orzamento do mesmo, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen mingua das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Primeiro.- Manter a encomenda provisional realizada á funcionaria municipal D^a. Luz María González Domínguez, con nº de persoal 13.853, técnica de actividades turísticas adscrita ao Servizo de Animación Sociocultural, das funcións propias de xefe/a do Servizo de Animación Sociocultural, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular.

Segundo.- A dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata a incorporación do funcionario titular do posto de Xefe do Servizo de Animación Sociocultural da súa situación de baixa por IT, e en todo caso ata o 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do seguinte día ao da súa notificación, dease traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos

artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Do anterior dáse conta á Xunta de Goberno Local.

23(69).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE PRÓRROGA ENCOMENDA DE FUNCÍONS DO EMPREGADO MUNICIPAL D. RAMÓN VÁZQUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 12006/331.

Con data 18 de xaneiro de 2010, o concelleiro delegado de Xestión Municipal ditou a seguinte resolución:

“Con data 4 de xaneiro de 2010 o Xefe do departamento de Cultura, co conforme do Concelleiro-delegado da Area de Cultura e animación sociocultural, remite a este Servizo de Recursos Humanos, copia da solicitude de encomenda de ampliación de tarefas ao capataz de mantemento de cultura D Ramón Vázquez Martínez realizada ao Concelleiro de Xestión Municipal.

No desenvolvemento das programacións anuais do Servizo de Cultura interveñen empresas e profesionais contratados polas entidades promotoras das exposicións que requiren da colaboración e apoio técnico do persoal de mantemento das dependencias, polo coñecemento que teñen delas, para orientar traballos e solucións, facilitar materiais ou ferramentas, supervisar accesos a instalacións técnicas do edificio (eléctricas, seguridade, espazos,...), etc, así como a realización dos informes requiridos polo servizo ao respecto. Mesmo estes traballos realizados por empresas alleas non deberan realizarse sen a presenza e supervisión de persoal municipal. A colaboración do capataz de mantemento nos citados traballos require dunha dedicación extraordinaria, non compensable en descansos por razóns do servizo, xa que durante a xornada normal compre atender ás necesidades de mantemento das dependencias, que se consideran o cometido prioritario, e un incremento da responsabilidade respecto á actividade habitual do seu posto, así como unha maior dispoñibilidade , xa que os traballos de montaxe e desmontaxe dependen de diversos axentes externos (promotores da exposición, transportes de obras, complexidade de montaxes, períodos limitados entre exposicións, etc.) así como diante de imprevistos ou urxencias.

Considerando as necesidades do Servizo de Cultura que se demandan polo xefe do servizo, conformado polo Concelleiro delegado da Area, recollidas en escrito do 9 de febreiro de 2009, e ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público(BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen mingua das retribucións, e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, R E S O L V O:

Encomendar provisionalmente ao empregado municipal D Ramón Vázquez Martínez, con nº de persoal 16478, adscrito ao Servizo de Cultura, funcións de apoio técnico, de acordo á súa escala e grupo de titulación, no desenvolvemento das programacións do Servizo, con dereito á percepción dun complemento de produtividade que se determine segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do servizo, establecéndose a súa duración mentres se manteña a situación actual en canto a persoal e funcións dos postos adscritos ao servizo ou como máximo ata o remate do actual exercicio orzamentario.

Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, déase traslado ao interesado, concelleira-delegada da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal, dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Do anterior dáse conta á Xunta de Goberno Local.

24(70).- PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO NA BACIA GALICIA-COSTA. COLECTOR XERAL TRASMAÑÓ. CONCELLO DE REDONDELA. EXPTE. 172/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 19.01.10, que di o seguinte:

O Concello de Redondela presenta o proxecto de "Actuacións de Saneamento na Bacia Galicia-Costa. Colector Xeral Trasmañó. Concello Redondela", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, D. Alberto Moreno García, cun orzamento base de licitación de 73.791,06 Euros (setenta e tres mil setecentos noventa e un euros con seis céntimos).

As obras a realizar atravesan o trazado do antigo canal de subministro de auga dende o embalse de Eiras a Vigo, polo que solicitan autorización do Concello de Vigo.

As obras consisten na instalación dun colector de recollida de augas residuais na parroquia de Trasmañó en Redondela.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Autorizar ao Concello de Redondela con cargo aos seus orzamentos, o cruce do Canal de Eiras para a execución do proxecto "Actuacións de Saneamento na Bacia Galicia-Costa. Colector Xeral Trasmañó. Concello Redondela", dacordo coas seguintes condicións:

- O cruce sobre a xeneratriz inferior do canal farase con tubería de Fundición Dúctil e tubo enterizo, sen empalmes nin conexións, construíndose pozos de rexistro a ambos lados da traza.*
- Notifícarase ao Concello de Vigo a data de inicio dos traballos cunha antelación mínima de 15*

días naturais para poder programar a supervisión dos mesmos.

- Tanto o Técnico municipal do Concello de Redondela como o Xefe de Obra da empresa adxudicataria da obra a executar, deberán cumprir en cada momento, as instrucións ou criterios constructivos dados polo Técnico Municipal do Concello de Vigo Supervisor das obras que a tal efecto designárase no momento de inicio das mesmas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(71).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓN NO CAMIÑO CRUZ E RÚA DO CARBALLAL”. EXPTE. 1175/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefa da OSPIO e polo xefe da Área dos Servizos Xerais, de data 21.01.10, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓN NO CAMIÑO CRUZ E RÚA DO CARBALLAL

Localidade e situación: CAMIÑO CRUZ E RÚA DO CARBALLAL

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A. , D. BRUNO NASCEMENTO

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS (APPLUS NORCONTROL S.L.U.)

Titulación: ENXEÑEIRA T. FORESTAL

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

1. *Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIÓN NO CAMIÑO CRUZ E RÚA DO CARBALLAL .*
2. *Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
3. *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adjudicataria CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(72).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓNS NA RÚA CURROS E BAIXADA CAPITÁN”. EXPTE. 1189/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefa da OSPIO e polo xefe da Área dos Servizos Xerais, de data 21.01.10, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓNS NA RÚA CURROS E BAIXADA CAPITÁN

Localidade e situación: RÚA CURROS E BAIXADA CAPITÁN. PARROQUIA DE LAVADORES

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autora do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.

Coordinadora de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Autora do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: CONSTRUCCIONES CRESPO S.A., (D. BRUNO NASCEMENTO)

Coordinadora de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS, (APPLUS NORCONTROL S.L.U.)

Titulación: ENXEÑEIRA TÉCNICA FORESTAL.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIONES NA RÚA CURROS E BAIXADA CAPITÁN .*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(73).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS “OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ (CONEXIÓN ESTRADA VELLA DE MADRID-RAMÓN NIETO)”. EXPTE. 1189/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefa da OSPIO e polo xefe da Área dos Servizos Xerais, de data 21.01.10, que di o seguinte:

Obra: OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ (CONEXIÓN ESTRADA VELLA DE MADRID-RAMÓN NIETO)

Localidade e situación: RÚA MANUEL ÁLVAREZ-VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIROS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN E D. IGNACIO TEIJEIRO CALVO

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: UTE HIDROMIÑO - HIDROESTRUCTURAS, S.L.

Coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIROS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN

Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIROS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN E D. IGNACIO TEIJEIRO CALVO

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: UTE HIDROMIÑO - HIDROESTRUCTURAS, S.L. (Dna. Beatriz Fernández Estélez).

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. JOSÉ ALBERTO SANMARTÍN GONZÁLEZ (ENMACOSA) Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ (CONEXIÓN ESTRADA VELLA DE MADRID-RAMÓN NIETO).*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE HIDROMIÑO - HIDROESTRUCTURAS, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(74).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓN EN RÚA CASTAÑA. PARROQUIA DE ALCABRE”. EXPTE. 1174/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefa da OSPIO e polo xefe da Área dos Servizos Xerais, de data 22.01.10, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓN EN RÚA CASTAÑA. PARROQUIA DE ALCABRE

Localidade e situación: RÚA CASTAÑA-ALCABRE

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autora do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: ORESA, S.L.

Coordinadora de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autora do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: ORESA, S.L., D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. EMILIO OTERO MARTÍNEZ Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIÓN EN RÚA CASTAÑA. PARROQUIA DE ALCABRE .*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ORESA, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma,

segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(75).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE CORUXO”. EXPTE. 852/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefa da OSPIO e polo xefe da Área dos Servizos Xerais, de data 15.01.10, que di o seguinte:

Obra: AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE CORUXO

Localidade e situación: CORUXO - VIGO

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: EMPRO, Estudios Medioambientales y Proyectos, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: EMPRO, Estudios Mediambientales y Proyectos, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

1. *Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE CORUXO .*
2. *Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
3. *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adjudicataria EMPRO, Estudios Medioambientales y Proyectos, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(76).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ”. EXPTE. 1091/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefa da OSPIO e polo xefe da Área dos Servizos Xerais, de data 20.01.10, que di o seguinte:

Obra: OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ

Localidade e situación: RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN VICENTE ALBÍN ÑÍGUEZ E O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: EIRIÑA, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN VICENTE ALBÍN ÑÍGUEZ E O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. RAÚL SÁNCHEZ RODRÍGUEZ - EIRIÑA, S.L.

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ .*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria EIRIÑA, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(77).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A MERCADONA S.A. CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA ESPEDRIGADA. EXPTE. 50498/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 27.01.10, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por MERCADONA S.A. , de data 18/01/10, en relación a fianza constituída en data 04/07/2005, para responder dos danos que pudesen ocasionarse por execución de obras na Rúa Espedrigada , constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe da Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, donde informa favorablemente a devolución da fianza, e polo que proponse:

Proceder a devolución da fianza a MERCADONA S.A., constituída na data reseñada, polo importe de 452,38 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(78).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNED E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3122/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 11.12.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Comercio e Turismo e visado pola Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto e a subscrición do convenio de cooperación educativa entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia e o Concello de Vigo, que de seguido se transcribe:

REUNIDOS

DUNHA PARTE D. CAMILO QUINTÁNS GRAÑA en calidade de Director do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia, cargo para o que foi nomeado por Resolución Reitoral de 19 de outubro de 2008, en nome e representación da mesma, por virtude da delegación de competencias efectuada mediante Resolución do Reitorado de 24 de xaneiro de 2006 (B.Ou.E. do 3 de febreiro)

DOUTRA D. Santiago Domínguez Olveira, Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, con CIF: 36064093-R con domicilio social en Praza do Rei s/n 36202, Vigo

Recoñecéndose ambas partes capacidade legal suficiente e no exercicio das facultades que por razón do seu cargo teñen atribuídas, en nome das Entidades que representan

EXPÓN

Que co fin de contribuír á formación integral dos estudantes universitarios da UNED, e ao amparo do Real Decreto 1497/81 de 19 de xuño (BOE de 23 de xullo) sobre Programas de Cooperación Educativa entre Universidades e Empresas ou Entes Públicos, parcialmente modificado polo Real Decreto 1845/94 de 9 de setembro (BOE de 18 de outubro) que adecuou as súas previsións ao sistema de créditos establecido polo Real Decreto 1497/1987, de 27 de novembro (BOE de 14 de decembro)

ACORDAN

Subscribir este Convenio de Cooperación Educativa que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA: Obxecto do convenio

O obxecto do presente Convenio é establecer un programa de Cooperación Educativa a través do cal os estudantes da UNED, matriculados na materia troncal do seu Plan de Estudos denominada "Practicum", poidan complementar a formación teórica coa formación práctica que require o desenvolvemento de actividades profesionais.

SEGUNDA: Compromisos das partes

A realización de prácticas de formación por parte dos alumnos, ao amparo do presente Convenio, non constitúe vínculo laboral nin contractual de ningún tipo entre estes e as partes asinantes, nin contraprestación económica algunha durante o seu desenvolvemento, non sendo aplicable o Estatuto dos Traballadores.

TERCEIRA: Cobertura de riscos

A cobertura de riscos dos alumnos en prácticas axustarase ao seguinte réxime:

1. Do presente convenio non derivará para o Concello de Vigo., nin para ningunha das entidades colaboradoras dela dependentes obrigatoriedade algunha referente a calquera dos réximes da Seguridade Social, xa que as contingencias quedarán cubertas polo Seguro Escolar.

2. No caso dos alumnos maiores de 28 anos, aos que non cobre o Seguro Escolar, quedarán cubertos pola póliza de seguro (09-105.677) coa compañía aseguradora "Metrópolis". Os gastos de devandita póliza corren a cargo da UNED.

CUARTA: Selección dos estudantes

A selección dos alumnos que haxan de realizar as prácticas corresponderá á UNED, por medio do oportuno procedemento de selección, en función do número de prazas ofertadas polo Concello de Vigo que poderá rexeitar, mediante unha decisión motivada, aos alumnos que non considere idóneos ao longo do desenvolvemento das prácticas.

QUINTA: Formación e Avaliación

Formación

Cada unha das entidades colaboradoras dependentes do Concello de Vigo ás que os alumnos acudan a realizar as prácticas designará un "supervisor" de prácticas e a UNED, a través do seu centro asociado, un profesor titor. Ambos serán os encargados do seguimento e control da formación dos alumnos durante o seu período de prácticas. Así mesmo, serán os encargados de resolver en primeira instancia as incidencias que se produzan, debendo informar aos máximos responsables das institucións que subscriben este Convenio dos problemas ou circunstancias especiais que requiran da súa intervención.

A UNED reconecerá mediante un certificado a condición de supervisor de prácticas aos profesionais das entidades colaboradoras que realicen devandita función. A UNED poderá remunerar devandita función coa cantidade que estableza a Universidade.

Avaliación

Tanto o supervisor da entidade colaboradora como o profesor titor do centro asociado emitirán un informe, deseñado para ese efecto, sobre as actividades realizadas polo alumno durante o período de prácticas. Será responsabilidade do profesor do Practicum da Facultade, á vista de devanditos informes e da memoria realizada polo alumno, emitir a cualificación final.

SEXTA: Requisitos das prácticas

O horario, actividades a realizar e demais condicións que se consideren necesarias para a realización das prácticas serán fixadas de común acordo polos representantes das entidades colaboradoras do Concello de Vigo e a UNED.

A duración mínima das prácticas corresponderase co número de horas contempladas no Practicum da Titulación que estea cursando o alumno (120 horas), e en ningún caso poderá exceder de 500 horas por curso académico.

SÉTIMA: Deberes dos alumnos

Os alumnos estarán suxeitos á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos, aplicaranse con dilixencia ás tarefas encomendadas, manteranse en contacto co supervisor de prácticas e co profesor titor e gardarán sigilo sobre as tarefas que estean realizando durante o seu período de prácticas e unha vez que este finalice.

Dado o carácter formativo das prácticas, os alumnos non poderán asinar nin asumir responsabilidades sobre informes nin actuacións que requiran cualificación profesional.

OITAVA: Vixencia do convenio

O presente Convenio entrará en vigor no momento da súa firma, e terá duración anual, prorrogable tácitamente por un período indefinido, salvo denuncia dalgunha das partes, cunha antelación mínima de tres meses.

Co máis amplo sentido de colaboración e en proba de conformidade, ao acordado no presente Convenio por ambas as partes, asínase o mesmo, por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

33(79).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE RECEPCIÓN PARCIAL DA UE-I-01 “VILLA LAURA”. EXPTE. 4926/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.01.10, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

- I. *A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 19 de outubro de 2009 -e previa toma de coñecemento polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo en sesión do día 15 de outubro de 2009-, adoptou o seguinte acordo: “PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no expte núm. 4926/401, aceptar a recepción parcial das obras incluídas no proxecto de urbanización da “UE I-01 Villa Laura”: rúa Zaragoza (entre Avda. Hispanidade e r/Tarragona), rúa Tarragona (entre r/Zaragoza e r/Pintor Colmeiro) e rúa Sevilla (entre r/Barcelona e o aparcadoiro subterráneo). SEGUNDO: Coa recepción completa da urbanización, a Xunta de Compensación deberá acreditar o exacto cumprimento das observacións contidas nos informes dos Servizos municipais de Montes, Parques e Xardíns, electromecánicos e Limpeza e Xestión de RSU, así como nos da compañía “Unión Fenosa, S A” que se citan no informe-proposta transcrito na*

parte expositiva deste acordo. Achegarase, ademais, o informe de control de calidade esixido polo artigo 4.3.4.2. das NNUU do PXOM.

TERCEIRO: Notificalo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación.

CUARTO: Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ó Servizo de Licenzas de obras da Xerencia de Urbanismo, ós Departamentos municipais de Vías e Obras, OSPIO, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Estatística, así como a concesionaria “Aqualia Gestión Integral del Agua, S A”, “R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S A” e “Gas Natural SDG, S A”.

- II. O día 9 de decembro de 2009 interponse recurso de reposición por German Martínez Sero-dio en calidade de Presidente da Xunta de Compensación da U.E. I-01 Villa Laura, contra o citado acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de outubro de 2009, aos efectos de que o mesmo sexa revogado aínda que só para que a conservación e preservación do correcto funcionamento da unidade funcional directamente utilizable que foi obxecto de recepción parcial corresponda ao Concello de Vigo e non á Xunta de Compensación e para que se aprobe a devolución do aval bancario que está en poder do Concello polo importe de 899.549,53 € sustituíndoo por outro aval bancario pola cantidade de 347.251,36 € por ser o importe necesario para finalizar as obras pendentes do proxecto de urbanización da U.E. I-01 Villa Laura; asemade, a través de outrosidigo, solicítase a suspensión da parte do acto impugnado ao amparo do artigo 111 da Lei 30/1992 -registro de entrada na xerencia municipal de Urbanismo núm. 90177756-.

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG. núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-, entrando en vigor o día 25 de agosto de 2008; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175, de 10 de setembro de 2009-, polo que entrou en vigor o día 28 de setembro de 2009.
- II. O Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo,
- III. A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente,
- IV. As disposicións contidas na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, pola Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de viven-

da e solo, pola Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e pola Lei 18/2008, de 23 de decembro, de vivenda de Galicia,

- V. Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, que aproba o Regulamento de disciplina urbanística de aplicación en virtude da Disposición transitoria sexta da Lei 9/2002,
- VI. O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, ambos con carácter supletorio,
- VII. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade, dos actos de natureza urbanística,
- VIII. A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,
- IX. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,
- X. Os estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, aprobados definitivamente polo pleno do día 29 de xullo de 1996 -BOP do día 4 de setembro de 1996) e modificación aprobada polo pleno do día 20 de outubro do 2000 (BOP núm. 212 do día 6 de novembro de 2000),
- XI. O resto de disposicións que poidan afectar,

Á vista da documentación existente no expediente e en referencia ao recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de outubro de 2009, na parte referente a que a conservación e preservación do correcto funcionamento da unidade funcional directamente utilizable que foi obxecto de recepción parcial corresponda ao Concello de Vigo e non á Xunta de Compensación e a que non se aprobe a devolución do aval bancario que está en poder do Concello polo importe de 899.549,53 € substituíndoo por outro aval bancario pola cantidade de 347.251,36 € por ser o importe necesario para finalizar as obras pendentes do proxecto de urbanización da U.E. I-01 Villa Laura, emítase o seguinte INFORME/VALORACIÓN XURÍDICA

- I. Na data do 15 de xaneiro de 2010 emítase informe polo enxeñeiro director dos servizos técnicos sobre o estado da urbanización, tanto sobre a fase recibida parcialmente, como sobre a fase non recibida, no que se sinalan deficiencias que deben subsanarse pola Xunta de Compensación.
- II. En referencia ás alegacións presentadas o Presidente da Xunta de Compensación da U. E. I-01 Villa Laura expón que a Xunta de Compensación non está de acordo en que pese a que o Concello recibiu parte das obras do proxecto de urbanización por constituír unha unidade funcional directamente utilizable que podía ser entregada ao uso público, no apartado III.7 dos fundamentos de dereito que motivaron o acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de outubro de 2009, dispúñase "(...) En todo caso, esta recepción parcial non será título para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custos derivados da urbanización nin para a devolución dos avais presentados. A Xunta de

Compensación seguirá a ser responsable da conservación e preservación do correcto funcionamento da urbanización.

Con ocasión da recepción completa da urbanización verificarase de novo o estado da parte que se propoña recibir e, de observarse nese momento deficiencias na urbanización, requirirase da Xunta de Compensación a realización

das obras precisas para subsanalas (...)” e polo exposto, solicitan que a conservación e preservación do correcto funcionamento da unidade funcional directamente utilizable que foi obxecto de recepción parcial corresponda ao Concello de Vigo e non á Xunta de Compensación e que se substitúa o aval bancario que está en poder do Concello polo importe de 899.549,53 € por outro pola cantidade necesaria para finalizar as obras pendentes do proxecto de urbanización da U.E.I-01 Villa Laura, cantidade que sería de 347.251,36 €.

Sinalar ao respecto, que aínda que o artigo 110.6 da Lei 9/2002 establece que “A conservación da urbanización corresponderá ao Concello. O planeamento urbanístico poderá prever a obriga dos propietarios dos solares resultantes da execución da urbanización de constituírse en entidade urbanística de conservación, e neste caso, a conservación da urbanización corresponderá a esta entidade polo prazo que sinale o plan (...)”, non obstante o artigo 159.1 da Lei 9/2002 establece a responsabilidade directa da Xunta de Compensación fronte ao Concello pola urbanización COMPLETA do polígono e na mesma liña se pronuncia o artigo 182 do RXU, sendo polo tanto inviable a redución do aval solicitada correspondente ás obras de urbanización da UE I-01 Villa Laura recibidas parcialmente mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de outubro de 2009, cando nin sequera ten transcorrido o prazo de garantía.

Asemade, manifestar que o disposto no apartado III.7 dos fundamentos de dereito que motivaron o acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de outubro de 2009, non é mais que o que establece o citado artigo 159.1 da Lei 9/2002 i é que a responsabilidade directa pola urbanización completa do polígono é da Xunta de Compensación, aínda que a conservación da urbanización corresponda ao Concello ou no seu caso, a unha entidade urbanística de conservación.

Conclúese do exposto que o recurso presentado debería ser desestimado, o que conlevará que decaia a solicitude de suspensión da parte do acto impugnada, ao amparo do artigo 111 da Lei 30/1992; ao mesmo tempo deixar constancia de que ademais só podería suspenderse o acordo propiamente dito, é dicir a propia recepción parcial das obras de urbanización como parte dispositiva do acordo e que foi posta de manifesto no apartado I dos antecedentes deste informe.

III. É órgano competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 LRBRL; con carácter previo darase coñecemento ao Consello da xerencia municipal de urbanismo, de acordo co artigo 8 dos seus estatutos.

PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, en particular os artigos 107, 113, 116 e 117 da Lei 30/1992, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DA SEGUINTE,

“RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Desestimar o recurso de reposición presentado por German Martínez Serodio en calidade de Presidente da Xunta de Compensación da U. E. I-01 Villa Laura, contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de outubro de 2009.

SEGUNDO: Notificar ao recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos polo artigo 118.1 da Lei 30/1992, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación desta Resolución””.

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(80).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS DA UNIDADE REPARCELATORIA Nº 1 DE BOUZAS. EXPTE. 11153/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da arquitecta municipal da Oficina de Barrios Históricos, conformado polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 30.09.02 deu aprobación definitiva ao Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Bouzas (expte 5.2826/411).

En data 24.09.08 se solicita do Concello de Vigo a tramitación da Unidade Reparcelatoria número un do PEPRI de Bouzas (doc 80117314).

Por Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 13.10.08 se adoptou o seguinte acordo: “(...) 1.- Incoar expediente de normalización de predios da unidade <1> do <PEPRI de Bouzas>. 2.- Notificar individualizadamente a cada un dos titulares catastrais das parcelas que son obxecto da unidade de normalización <1> informándolles que no prazo de quince días os propietarios e titulares de dereitos están obrigados a exhibir os títulos que posúan e declarar as situacións xurídicas que coñezcan e afecten as súas fincas. A omisión, error ou falsidade destas declaracións non poderán afectar ó resultado obxectivo da reparcelación. Si se apreciara dolo ou negligencia grave, poderá esixirse a responsabilidade civil ou penal que corresponda. 3.- Recabar de oficio do Rexistro da Propiedade certificación de titularidade e cargas de todas as fincas incluídas na unidade de reparcelación. Así mesmo, solicitar expresamente a extensión ó marxe de cada finca nota expresiva da incoación do expediente de reparcelación por esta Administración municipal (...)”.

O 10.02.09 se recibe do Rexistro da Propiedade número 3 comunicación na que se certifica a titularidade das parcelas incluídas na unidade de actuación da reparcelación número un do PEPRI

de Bouzas e a extensión ao marxe de cada finca de nota expresiva da incoación do expediente de reparcelación por esta Administración Municipal.

Unha vez outorgado o trámite de audiencia no que se achega diversa documentación, a propietaria de Simancas 20, aporta proposta de proxecto de normalización de predios asinado polo Arquitectos dona Úrsula Marta Bastos Riveiro e don Gustavo Álvarez-Valdés González (visado o 3.09.09).

O 25.11.09 o Servizo de topografía informou o seguinte: "(...) Feitas as comprobacións topográficas, efectuadas polos servizos técnicos deste departamento, compróbase que as parcelas presentadas no plano nº 4 do proxecto de Normalización de Predios, axústase a realidade (...)".

En data 11.01.10 a arquitecta municipal da oficina de Barrios históricos informou sobre a proposta presentada.

PARCELA	Superficie parcela	Parte % servidumbre	Total	Edificabilidade
Simancas, 10	17,76	1,04	18,80	34,17
Simancas, 12	20,04	1,17	21,21	38,55
Simancas, 14	47,64	2,78	50,42	91,65
Simancas, 18	17,07		17,07	31,03
Simancas, 20	323,88	18,90	342,78	623,10
Simancas, 22	42,57		42,57	77,38
Simancas, 24	11,53		11,53	20,96
Santa Cruz, 8	65,00		65,00	118,15
Servidumbre	23,89			
TOTAL	569,38		569,38	1035,00

A descripción da proposta de normalización con respecto ás parcelas de orixe, é a seguinte:

Así mesmo, o proxecto de normalización describe como de resultado as seguintes fincas:

PARCELA	Superficie parcela	Edificabilidade
1	281,77	512,19
2	214,72	390,30
3	18,80	34,17
4	42,57	77,38
5	11,53	20,96
TOTAL	569,38	1035,00

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto do presente expediente.- O presente expediente ten por obxecto a execución das determinacións previstas no PEPRI de Bouzas con respecto á unidade reparcelatoria número 1. A mesma precisa da tramitación prevista no artigo 122 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e artigos 117 e seguintes do Real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística (RXU). O PEPRI de Bouzas apreciou para a zona delimitada de solo urbano consolidado, a necesidade de adaptar a configuración física das parcelas, sen que do expediente que resulte se altere os aproveitamentos atribuídos polo plan nin cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

2.- *Contido do proxecto reparcelatorio.- O artigo 119 do RXU prevé como contido mínimo dun proxecto de reparcelación, o seguinte:*

- a) *Memoria xustificativa.*
- b) *Relación de propietarios e interesados afectados.*
- c) *Plano parcelario de información.*
- d) *Plano de fincas normalizadas.*
- e) *Cuenta de compensacións económicas cando procedan.*

Así mesmo no expediente consta a petición de información do Rexistro da Propiedade e catastral e conxunto de documentos aportados polos propietarios afectados pola actuación. Todos eles serviron de base para a elaboración do proxecto reparcelatorio.

Darase audiencia a todos os propietarios e titulares de dereitos reais que consten nos datos recabados para a elaboración do proxecto de reparcelación e practícanse as notificacións previstas no Real decreto 1.093/1997, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

3.- *Procedemento e órgano competente para a aprobación do expediente de normalización.- De acordo co previsto no artigo 122 da LOUGA e 117 e seguintes do RXU, procede a adopción de acordo de aprobación inicial por parte da Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.d Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local –LRBRL-), apertura dun trámite de audiencia aos interesados por un prazo de vinte días. Unha vez recibidas as alegacións que os interesados consideren oportunas, procederase a súa aprobación definitiva.*

Por todo elo, á vista do informado, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de normalización de predios da "Unidade Reparcelatoria número 1" prevista como tal no PEPRI de Bouzas, contida no proxecto redactado polos Arquitectos dona Úrsula Marta Bastos Riveiro e don Gustavo A. Álvarez-Valdés González (data visado 3.09.2009)

SEGUNDO: Abrir un trámite de audiencia aos interesados polo prazo de 20 días.

TERCEIRO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo a todos os propietarios do ámbito e ás persoas físicas e xurídicas que consten no Rextro da Propiedade como titulares de dereitos reais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais

vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

35(81).- AXUDAS PARA O TRANSPORTE Ó ALUMNADO DA ESCOLA OBRADOIRO “MAR DE VIGO”. EXPTE. 6668/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 14 de xaneiro de 2010 emitido polo xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego coa conformidade do concelleiro delegado, vistos os selos de conformidade da Intervención Xeral de data 25 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o procedemento de pago das axudas ao transporte dos/as alumnos/as da Escola Obradoiro Mar de Vigo V.
- 2.- Autorizar o gasto de **37.125,00 euros** para o pagamento das axudas ao transporte dos/as alumnos/traballadores da Escola Obradoiro Vigo Zoo, como estimación do que corresponderá para a totalidade dos seis meses que dan dereito á percepción da citada axuda (período comprendido entre o día 29 de decembro de 2009 e o 28 de xuño de 2010). O seu pagamento farase trimensual o primeiro e mensual os seguintes (4 pagos en total).
- 3.- Este importe librarase a xustificar, na conta corrente de habilitación de pagamentos de CAIXANOVA AUT 08 PROMOCIÓN ECONÓMICA, a nome de Daniel Paz Antón, director da Escola Obradoiro “Mar de Vigo V”, con DNI 35541146M, e realizarase con cargo á partida 3220 4890004, “Bolsas Mar de Vigo V”.

36(82).- MODIFICACIÓN DA SINALIZAICÓN HORIZONTAL PREVISTA NO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE “MELLORAS DA SEGURIDDE VIAL NA PO-552-AV. FLORIDA”. EXPTE. 60395/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Vías e Obras, do 29.01.10, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

En sesión de data 31 de marzo de 2008 a Xunta de Goberno Local aprobou o texto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo, para as obras de mellora da Seguridade Vial da PO-330 Av. De Castrelos e PO-552 Av. Florida.

En sesión do 21 de decembro de 2009 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de modificar o “Proxecto Modificado nº1 das obras de mellora da Seguridade Vial da PO-552 Av Florida”, exppte 60395/250.

Con data 28 de xaneiro de 2010, a Concellalía de Seguridade e Mobilidade remite solicitude de modificación da sinalización horizontal e vertical prevista no Proxecto modificado nº 1 citado para axustala á salientada nos planos que se achegan.

As modificacións descritas no escrito remitido son de menor entidade salvo a que se contempla no tramo entre a rotonda do Caramuxo e o acceso ao 1º Cinto, no que estando previsto dous carriles de circulación e cordón de aparcamento en liña na marxe dereita (sentido saída de Vigo) e un carril de circulación sen aparcamento na marxe esquerda (sentido entrada a Vigo), solicítase modificación para dispoñer un carril de circulación e cordón de aparcamento en liña en ámbos sentidos.

As obras foron contratadas e están sendo dirixidas pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que non supoñen coste para o Concello de Vigo.

Polo exposto, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º Aprobar técnicaamente as modificacións de sinalización horizontal que solicita a Concellalía de Seguridade e Mobilidade, sobre as contempladas no “Proxecto modificado nº 1 das obras de Mellora da Seguridade Vial na PO-552 Av. Florida”.

2º Solicitar á Dirección Facultativa das obras as modificacións obxecto do presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta e co escrito da Concellalía de Seguridade e Mobilidade, do 28.01.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar técnicaamente as modificacións de sinalización horizontal que solicita a Concellalía de Seguridade e Mobilidade, sobre as contempladas no “Proxecto modificado nº 1 das obras de Mellora da Seguridade Vial na PO-552 Av. Florida”, que son as seguintes:

- Repintar a Rotonda do Caramuxo tal como se encontraba anteriormente ao inicio da obra.
- No tramo da estrada entre a Rotonda do Caramuxo e a entrada ao Primeiro Cinto proponse que se manteñan dous carrís un en cada sentido de circulación e dos carrís de aparcamento.
- No tramo entre a entrada ao Primeiro Cinto e a intersección coa rúa Pablo Iglesias manteranse dous carrís de saída e un sentido entrada e carril de aparcamento.
- Pintaranse todos os pasos de peatóns en intersección coa rúa Florida.
- Incluirase a sinalización vertical de preaviso das rotondas, e dos sentidos obrigatorios e xiros prohibidos.
- Modificarase a sinalización horizontal dos carrís de entrada da rotonda na Praza de America para maior seguridade.

2º.- Solicitar á Dirección Facultativa das obras as modificacións obxecto do presente acordo.

37(83).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENTES “CEDRO” E SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL NECESARIO. EXPTE. 41015/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.12.09, o informe de fiscalización do 28.01.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, do 12.01.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 644.000 euros, 429.333,34 para o ano 2010 e 214.666,66 para o 2011, para a contratación do servizo de apoio á Unidade asistencial de drogodependentes “CEDRO” e sumministración de material necesario, que se imputarán á partida 4123.2270601 -Servizo metadona- e súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, dos presupostos dos anos 2010 e 2011.

2º Aproba-lo expediente de contratación do servizo de apoio á Unidade asistencial de drogodependentes “CEDRO” e sumministración de material necesario, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 23-02-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 16-11-2009.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

38(84).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.